1 de xullo de 2013. Os compañeiros/as da Asociación Monte Pindo Parque Natural (MPPN) veñen de facer outro importante achádego que alonga aínda máis a singularidade ecolóxica deste espazo: Atoparon exemplares do
lirio de monte
ou
lirio do Xurés (
Iris boissieri
)
, unha planta
en perigo de extinción
e incluida no Catálogo Galego de Especies Ameazadas. O
Iris boissieri
é unha planta endémica de Galiza e o NW de Portugal cunha dustribución xeográfica limitada a moi poucos enclaves (Xurés, Courel e
Careón
) esta última poboación de recente descubrimento. Atópase en regresión, particularmente aquelas poboacións situadas en zonas de baixa altitude, onde se extinguíu case por completo, agás no Pindo. Eis outra razón máis para protexer o seu hábitat. A que agardan Hernández e Borregón para
declarar o Monte Pindo Parque Natural
?

ADEGA e a Asociación Monte Pindo Parque Natural sempre defenderon a proposta de declarar este espazo **Parque Natural** non unicamente polos seus singulares valores xeolóxicos e biolóxicos, senón porque tamén é a única figura que **garante a participación socia**
l (concellos, propietarios, sectores sociais) através do Padroado e un orzamento fixo para a conservación do espazo e a dinamización socioeconómica da contorna. Non menos importante é porque esta proposta xurdiu da propia sociedade e concitou amplos apoios dende os máis diversos sectores. Cantos espazos protexidos, non só en Galiza senón no mundo xurdiron a iniciativa da propia sociedade que vive ao seu carón?

Ben certo que sería un Parque Natural pequeno, similar a Corrubedo ou ao Monte Aloia, mais a

extensión non debería ser factor limitante, de feito a proposta non incluía límites. Abondaría con completar o catálogo de valores faunísticos e botánicos do Pindo, cousa que xa está a facer a cidadanía con estes novos achados, mais a singularidade xeolóxica, xeomorfolóxica e etnográfica fanno por si só merecedor desta categoría.

O argumento inicialmente dado pola Xunta para rexeitar a proposta era que **o espazo xa está protexido** (Rede Natura 2000, LIC Carnota-Monte Pindo). Estas **"excusas de mala administradora"** dadas por Borregón (Dir. Xeral de Conservación) e Hernández (Conselleiro de Medio Ambiente etc.) para xustificar a non necesidade dunha nova figura de protección, ademáis de ser ben febles son certamente irónicas: as Illas Atlánticas, Corrubedo, ou mesmo Valdoviño, por poñer algúns exemplos, acumulan varias figuras de protección galega, estatal, europea e mesmo mundial, o que non os libra de ameazas e agresións. E se a Xunta confía en que a Rede Natura protéxese soa, sen os instrumentos de xestión e conservación necesarios por lei, sen orzamentos fixos nen posibilidade de participación da sociedade na súa xestión, non só pecará de inxenuidade senón tamén de cinismo.

Finalmente, ADEGA fai un chamado á cidadanía e en particular á da Costa da Morte para que, fronte á cerrazón cómplice da Xunta , sigan apoiando a iiniciativa para que Monte Pindo para que sexa declarado Parque Natural. A proposta, polo que ADEGA atinxe, vai perdurar e se non sae agora farao máis adiante. Non acontecerá o mesmo con Borregón e Hernández, dous dos piores xestores que tivo a natureza galega na historia recente.